

**Follas do Cineclub | 02/05/2018**

01

O vento do leste  
(Le vent d'est, Grupo Dziga Vertov,  
Italia / Francia / RFA, 1970, 95', VOSG)

**(tirado do diario Le Monde. Entrevista de Yvonne Baby a Jean-Luc Godard o 27 de abril de 1972)**

Xiro radical, ruptura, tabula rasa, desde maio de 1968 Jean-Luc Godard desapareceu en certa maneira. E se ben puidemos velo en *Un más un* (presentado en 1969, e o último filme «oficial» do autor de *Pierrot o Tolo*), Godard, durante catro anos, estivo considerado como ausente do cinema francés, ocupando unha posición marxinal sobre a que el mesmo pouco ten explicado. Man a man con Jean-Pierre Gorin, ambos non deixaron de traballar e, xuntos, trataron de facer «politicamente filmes políticos». Pero ningunha das obras rodadas durante este período é moi coñecida polo público xeral. *Todo vai ben*, que se estrea o venres 28, marca o regreso de Godard. Pero no canto dun filme-retorno, *Todo vai ben* é máis ben a consecuencia dunha osmose e anuncia publicamente o nacemento dun novo cineasta que xa non se chama Godard senón que de aquí en adiante será «Godard-Gorin». O seu filme, segundo eles, «decepcionará» aos que estean afeitos ás «vellas relacións entre forma e contido».

**Realmente fixo vostede tabula rasa logo de maio de 1968?**

En absoluto. Maio de 1968 foi como pasar a vasoira para moita xente, e varrer o lixo non quere dicir facer *tabula rasa*. Varrer fai que sexa máis doado ver o que hai na habitación, e o feito de poñerme a pasar a vasoira permitíume comezar a situarme historicamente, e como francés, e como cineasta. É dicir, como cineasta que traballa en Francia.

**E onde sitúa a súa nova actividade en relación aos filmes de antes de maio de 1968 -por exemplo *Dúas ou tres cousas que sei dela*, *A chinesa*, *Fin de semana*, *A gaia ciencia*, que xa parecían anunciar unha certa ruptura?**

Eses filmes son relativamente importantes para min na medida que permitiron aceptar ese histórico pasar a vasoira de maio, e ver mellor a realidade da miña relación coa miña propia historia.

Para romper de maneira definitiva cun certo xeito de facer cinema, fai falla comezar por romper co concepto clásico de ruptura. Isto foi -e aínda é- o inicio dun longo traballo na procura dun novo estilo

**É dicir...**

Por exemplo, isto non quere dicir que eu, como cineasta, vou facer filmes políticos, senón que, pola contra, vou facer politicamente filmes políticos. Iso non quere dicir que eu, como home, viva o M.L.F. (Movemento de Liberación das Mulleres), senón que vivo o M.T.H. (Movemento de Transformación dos Homes). Iso non quere dicir que eu, como esqerdista, viva a unidade do movemento xuvenil, senón que vivo a mocidade do movemento unitario. Iso non quere dicir que para min, como propagandista, sexa un filme «explosivo», senón que -falando de *Todo vai ben*- é unha película «decepcionante».

Poderán responder que isto é xogar coas palabras e ninquén privase diso, de Le Monde ao C.D.P. (La Cause du Peuple), pasando polo A.F.P. (Agence France-Presse) e o Huma (L'Humanité). Respondo: quen enuncia un novo contido debe dicilo con novas formas, quen utiliza novas formas debe establecer novas relacións entre contido e forma.

Moreas de persoas fanse hoxe moreas de preguntas e dan moreas de respostas. Para dar respostas de novo estilo que correspondan á situación que temos hoxe en Francia, fai falla comezar por aprender a facerse as preguntas de forma diferente. Senón, no cinema como en calquera outra loita social, non saberemos máis que responder de maneira antiga a preguntas completamente novas.

**Regresando a maio do 68, que representa para vostede *Un filme como os demais*?**

*Un filme como os demais* descomponse mecanicamente en tres elementos: dúas imaxes visuais e unha sonora. As imaxes visuais eran, por unha banda, un grupo de obreiros de Flins e de estudantes de Vincennes discutindo os feitos de maio-xuño de 1968 e, por outra banda, de planos filmados por eses mesmos estudantes e obreiros durante aquel período. A imaxe sonora compúñase dunha multitude de textos -«teóricos e prácticos»- producidos polas loitas revolucionarias -nacionais e estranxeiras- de 1789 a 1968.

Ese filme, difundido daquela por certos grupos de estudantes é, ao meu parecer, relativamente interesante posto que, se ben está levantado sobre unha concepción mecanicista da historia, con todo remata por ser o único filme existente ata o momento arredor de maio-xuño de 1968.

Chamémolo Gorin.

**De cando data a súa idea de cinema de grupo e como naceu exactamente o Grupo Dziga Vertov?**

Esa idea non é miña. Vén da materialización, no sector do cinema, da noción de grupo vociferada polo esqerdismo. De feito, isto supón a substitución do «equipo» pola «célula», o que é máis científico, máis político.

No que a min me concirne, a auténtica ruptura non é dicir: fixen *tabula rasa*, escapei do sistema, estou facendo outra cousa; é dicir, e non é máis posible hoxe que despois de tres anos de traballo: non marchei, quedeime, non fago outra cousa, mais fago a mesma cousa doutro xeito. É dicir, non

**PARA ESCOITAR MELLOR AOS DEMAIS**

**JEAN-LUC GODARD**

tanto nada, pero fago o mesmo de xeito diferente. É dicir, xa non é que «Godard regrese», senón que «alguén chega». E a ese alguén, xa que ten un nome, chamámolo Gorin.

E isto é o que é realmente novo: o non chamarme xa Godard, senón Godard-Gorin. Foi necesario, por suposto, difundir esta novidade, portar unha bandeira, como todos os demais, e axitala. E portar unha bandeira de xeito novo non foi para nós chamarnos «Clube proletario do cinema», ou «Comité Vietnam do cinema», ou «Panteras Negras e Brancas», senón «Grupo Dziga Vertov». Pero non basta con portar unha bandeira, aínda era necesario plantala e marcar o territorio onde estabamos e desde o que decidimos tomar a ofensiva. En definitiva, facía falla que nós, os cineastas, nos situásemos historicamente, e non nunha historia calquera senón en primeiro lugar na historia do cine. De aí o estandarte Vertov, o *Kino-Pravda*, o cinema bolxevique. E aquel é o cinema que é a nosa verdadeira data de nacemento.

### **Pode falar vostede dos filmes deste grupo, por exemplo de *Pravda*, *Vento do Leste*, *Loitas en Italia* e do rodado en Palestina, *Ata a vitoria*?**

Falar deses filmes é falar dos seus procesos históricos de produción. Así, para falar de *Loitas en Italia*, faría falla situalo precisamente no contexto das loitas ideolóxicas lideradas polos movementos esquerdistas franceses e italianos entre 1969 e 1970, e que nos conduciron a opoñernos de maneira directa á R.A.I., «o aparato de televisión» do Estado italiano.

Para falar do filme palestino faría falla, talvez, partir en primeiro lugar de dúas frases de Mao, «que o estranxeiro sirva ao nacional» e «confiar nas propias forzas».

Tomemos outro exemplo: *Pravda* é un filme que fixen eu só, que comezou por unha filmación ao estilo da C.B.S. Ou de Chris Marker -reportaxe a granel de «pequenos feitos reais en Checoslovaquia despois da invasión soviética» e que se bloqueou a si mesmo por causa dese mesmo estilo de filmación. A situación non se puido desbloquear máis que grazas ao traballo determinante de Gorin en *Vento do Leste*, traballo que consistiu en trastornar a noción tradicional da montaxe, de non volver a facer unha simple ensamblaxe ou *collage* de planos, senón unha organización de planos.

Este traballo consistía en comezar a cuestionar politicamente tanto as imaxes e os sons, como as súas relacións. Xa non dicir: é unha imaxe xusta, senón: é só unha imaxe; xa non dicir: é un oficial do norte a cabalo, senón, é unha imaxe dun cabalo e un oficial. Dicir iso en *Vento do Leste* era particularmente agresivo, dado que estaba situada no terreo principal do opoñente: o *western*, a «imaxe» que Occidente

Ile impón -e todos os medios sonlle bos- ao resto do mundo.

### **E como se inscribe este traballo en *Todo vai ben*?**

Exactamente de maneira lóxica. Unha lóxica xa non formal, senón política. Repasemos os feitos: nunca abandonamos o sistema, estivemos alí máis que nunca. Noutro lugar, enfrontámonos directa e violentamente xa non a simples empresas privadas ou semi-privadas, senón aos «aparatos televisivos» estatais: *A Gaia Ciencia*, producida e rexeitada pola O.R.T.F. (Oficina de Radiodifusión-Televisión francesa), *British Sounds*, producido e rexeitado pola B.B.C., *Loitas en Italia*, producida e rexeitada pola televisión italiana, *Vladimir e Rosa*, producida e rexeitada pola televisión alemá. En todas estas loitas, aprendemos algunhas cousas que nos permitiron facer *Todo vai ben* e, ao facelo, retomar do mesmo xeito a ofensiva no terreo particular da industria cinematográfica.

*Love Story* si, pero doutro xeito.

### **E esa ofensiva?**

Pasar á ofensiva hoxe é facer *Love Story*, pero doutro xeito. É dicir: vas ir ver un filme coas túas estrelas preferidas. Elas aman e discuten come en todos os filmes. Pero o que os separa ou os reúne, iso nós o nomeamos: é a loita de clases

O que fai que Jane Fonda, xornalista, ou Yves Montand, cineasta, pasen do «Quérote» ao «Xa non te quero», e despois novamente a un segundo «Quérote», esta vez diferente do primeiro, é que entre os dous «Quérote» hai corenta minutos onde estiveron secuestrados nunha fábrica.

### **É unha coincidencia que, no filme, Yves Montand sexa cineasta?**

El non é cineasta, el «fai» cinema. Pero resulta que a actividade de Montand (e tamén a de Jane Fonda), como a nosa, consiste en «facer» cinema.

Nós non debemos abandonar ese terreo. Para falar dos outros, é necesario ter suficiente modestia e honestidade como para falar de un mesmo. A novidade non está en falar de un mesmo, senón en falar sobre as propias condicións sociais da existencia e sobre as ideas que xorden como resultado. Fala de un mesmo, si, para escoitar mellor aos demais.

## **CINECLUBE DE COMPOSTELA**

### **ASOCIACIÓN**

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogspot.com  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@cineclubedecompostela@gmail.com

### **PROXECCIONS**

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



### **2 DE MAIO**

*O vento do leste*  
(Le vent d'est, Grupo Dziga Vertov, Italia / Francia / RFA, 1970, 95', VOSG)

### **9 DE MAIO**

*Soylent verde*  
(Soylent Green, Richard Fleischer, EUA, 1973, 97', VOSG)

### **16 DE MAIO**

Cinema experimental australiano (Sesión 1)  
**Programada e presentada por  
Alberte Pagán**

### **23 DE MAIO**

Cinema experimental australiano (Sesión 2)  
**Programada e presentada por  
Alberte Pagán**

### **30 DE MAIO**

*Mudar de vida*  
(Mudar de vida, Paulo Rocha, Portugal, 1966, 90', VOSG)